Os veciños e veciñas de Moaña, vimos reclamando dende hai moitos anos que se complete o paseo marítimo da nosa beira do mar. Este é o caso do tramo entre a Casa do Mar e O Pontillón, que quedou sen rematar tras a última actuación de Costas do Estado na Xunqueira, dende o Samertolameu ata O Pontillón.

O goberno do Concello de Moaña ven de presentar un proxecto de paseo para a antedita zona, que non cumpre nin cuns mínimos de calidade e conservación do medio que merece tan importante actuación, habendo outras posibilidade que contemplan a ordenación e posta en valor do litoral e das carpinterías de ribeira.

Queremos facer un chamamento a todos os organismos que poidan ter implicación nesta actuación, para que consideren o seguinte manifesto que os abaixo asinantes apoiamos:

MANIFESTO POLA CONSERVACIÓN, POSTA EN VALOR E MUSEALIZACIÓN DAS CARPINTERÍAS DE RIBEIRA DE “CARLAGHO” E “CASQUEIRO” (MOAÑA).

A actividade humana vinculada ao mar e á beiramar determinou a historia e a cultura de Galicia, sobranceiramente a das comunidades mariñeiras. Galiza atesoura ricaces e peculiares expresións dos saberes tradicionais materiais e inmateriais de aserradores, carpinteiros de ribeira, mariñeiros e outros moitos oficios vinculados ao noso territorio e medio natural mariño. Isto é, posuímos unha cultura marítima de noso de longo percorrido, que configura a nosa personalidade dentro do patrimonio común, plural e diverso, dos pobos europeos.

As administracións públicas dalgúns países europeos, conscientes desta histórica riqueza cultural, dotáronse dos instrumentos legais necesarios para desenvolveren políticas responsables encamiñadas á preservación do patrimonio marítimo, a salvagardar os vestixios materiais e inmateriais das distintas actividades, á promoción e permanencia dos oficios artesanais. Ao tempo, descobren e impulsan novidosos recursos culturais e turísticos arredor do patrimonio marítimo.

Asemade, xa hai tempo que as autoridades europeas, para facer fronte á crise do sector pesqueiro, estanlles a recomendar ás vilas mariñeiras que poñan en valor os seus elementos relacionados coa cultura do mar, como forma de potenciar os seus atractivos e crear unha economía complementaria basada nun turismo cultural responsable e sostible.

No ronsel desta política son acaídos, para o caso que nos ocupa, dous exemplos peninsulares de conservación e posta en valor do patrimonio inmoble por parte das administracións autonómicas correspondentes: a preservación da única carpintería de ribeira que quedaba no concello de Lekeitio (Bizkaia), ou a conservación e rehabilitación dos estaleiros “Nereo”, en Málaga, finalmente integrados no paseo marítimo daquela cidade, cando estaban seriamente ameazados de derrubamento.

A sociedade galega non é allea a esta inquedanza. A Xunta de Galicia incluíu recentemente no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia o estaleiro da Banda do Río, en Bueu, coñecido como “A de Purro”, que vai ser restaurado para usos relacionados co Museo Massó; os argumentos declarados para a consevación e posta en valor deste inmoble son plenamente aplicables aos estaleiros que nos ocupan.

Desde hai uns anos xorden a cada pouco novas asociacións coa específica finalidade de recuperar eses saberes tradicionais e de estudar e revalorizar o patrimonio marítimo galego no seu conxunto.

A maioría, actualmente corenta e cinco, entre elas a A.C.R Sueste de Moaña, agrúpanse na Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF), creada hai 20 anos, co obxectivo de organizar eventos ao redor da cultura do mar, restaurar e conservar embarcacións tradicionais, estudar e defender o patrimonio marítimo nas súas múltiples manifestacións. O seu labor converteuna, ademais, en embaixadora galega en Europa: en recoñecemento ao seu traballo é convidada periodicamente aos máis importantes eventos sobre o patrimonio marítimo en Bretaña, Escocia, Irlanda, Noruega ou Portugal. Desde 2009 forma parte da rede europea do ramo, a European Maritime Heritage.

De por parte, Sueste, unha asociación sen ánimo de lucro, vén traballando desde o ano 2003 na construción, rehabilitación, conservación e mantemento de embarcacións tradicionais das costas galegas, así como na conservación e fomento de tradicións, costumes e actividades relacionadas co mar, desenvolvendo as súas tarefas, precisamente, en ambos estaleiros, desde a súa constitución no de "Carlagho" e dende o ano 2009 tamén no de Casqueiro.

Tanto a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) coma Sueste estiman que ambos estaleiros son inmobles emblemáticos do noso patrimonio, elementos históricos singulares que cómpre conservar e dotar de nova vida: a súa perda deixaría irremediablemente eivada a personalidade de Moaña.

Demandamos das distintas administracións públicas o compromiso de traballaren pola CONSERVACIÓN, POSTA EN VALOR E MUSEALIZACIÓN VIVA, dos ESTALEIROS DE RIBEIRA de "CARLAGHO" e "CASQUEIRO".

En Moaña, a 8 de xuño de 2014

ASOCIACIÓN	RESPONSABLE	D.N.I.	SINATURA

ASOCIACIÓN	RESPONSABLE	D.N.I.	ASINATURA

ASOCIACIÓN	RESPONSABLE	DNI	ASINATURA